


# EDUCAR EN VERDE

## RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Isabel  
Moreno



### CAMBIO CLIMÁTICO PARA PRINCIPIANTES: TODO LO QUE HAY QUE SABER SOBRE UNO DE LOS MAYORES RETOS DE LA HUMANIDAD.

Somos B, 2023.

Un libro para entender as bases do cambio climático a través dunha viaxe por terra, mar, aire e mesmo escorregando polo xeo. Para comprender as súas orixes, por que se dan fenómenos dispares como inundacións ou secas, e descubrir por que un problema aparentemente sinxelo é en realidade un dos maiores retos aos que se enfronta a humanidade.

En préstamo en




Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Arzúa](#), [Narón](#), [Ourense](#), [Vigo](#)

### GUÍA DE CRITERIOS DE CALIDAD EN EDUCACIÓN AMBIENTAL PARA LA SOSTENIBILIDAD. Organismo Autónomo Parques Nacionales, 2024.

A guía ten como propósito asegurar que as iniciativas educativas neste ámbito se unan coas necesidades dunha transición ecolóxica xusta, promovendo un enfoque adaptado aos desafíos actuais. Este obxectivo reflicte a prioridade de fortalecer e actualizar os criterios pedagóxicos e metodolóxicos que rexen as actividades de educación ambiental, impulsando unha maior eficacia e pertinencia na súa contribución ao desenvolvemento sostible.



Gema  
Alcañiz Roy,  
Celia  
Gosálbez  
Monllor

Descárgao en



<https://lc.cx/yUaGNN>



Teresa  
Franquesa,  
Marta  
Vilar

## ESCUELAS + SOSTENIBLES: ¡PASEMOS A LA ACCIÓN!: GUÍA DEL PROGRAMA.

Ayuntamiento de Barcelona, Área Ecología Urbana, Dirección de Estrategia y Cultura de la Sostenibilidad, 2020.

A misión de Escolas + Sostibles é acompañar aos equipos dos centros educativos a incorporar criterios de sustentabilidade en todos os ámbitos. Facilitando ao profesorado ferramentas para pasar á acción, para que se reflexione sobre o que non funciona e actuar poñendo en práctica proxectos de transformación reais nos centros educativos.

Descárgao en



<https://bit.ly/3WHT9yf>

## Guía práctica de educación ambiental para la animación y dinamización de jóvenes. Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha, 2024.

Guía práctica para profesionais da educación ambiental, un apoio de carácter técnico para o labor educativo non formal, que centos de mozos/as realizan en Castela-A Mancha ou en calquera parte no ámbito profesional, asociativo ou do voluntariado. Pretende converter as actividades de animación e dinamización xuvenís nun escenario no que quen participe poida adquirir aptitudes e actitudes que lles habilite para unha participación activa na resolución dos problemas ambientais aos que nos enfrentamos como sociedade.



Junta de  
Comunidades  
de Castilla-  
La Mancha

Descárgao en



<https://lc.cx/BXmiBY>



M<sup>a</sup> Ángeles  
Murga,  
M<sup>a</sup> José  
Bautista

### GUÍA PRADO: SOSTENIBILIZAR EL CURRÍCULO DE LA EDUCACIÓN SECUNDARIA. UNED, 2019.

Esta guía (acrónimo do proxecto de investigación que avala os seus textos) foi elaborada por diferentes universidades co obxectivo común de contribuír a extender unha práctica docente conformadora de cidadáns comprometidos activamente coa sustentabilidade ecosocial. Dirixida ao profesorado para facilitar os procesos de formación de competencias en sustentabilidade a través dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible establecidos pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas.


Descárgao en



<https://lc.cx/dMdr0v>

### EL CLIMA EN NUESTRAS MANOS. EL CAMBIO CLIMÁTICO Y LA TIERRA. MANUAL PARA DOCENTES DE PRIMARIA Y SECUNDARIA. OCE, 2022.

Esta guía multidisciplinar está dirixida a docentes de primaria e secundaria. Ofrece sesións chave en man baseadas no enfoque de indagación para que o alumnado comprenda o cambio climático, así como o funcionamento do territorio, a través de experimentos ou análises de documentos. Termina con propostas de medidas de mitigación ou adaptación para ser implementadas nas escolas ou comunidades.




Varios  
Autores

Descárgao en



<https://lc.cx/eWPIKN>

Dave  
Goulson,  
Emily  
Carter (il.)



### INSECTARIUM. Impedimenta, 2024.

Un libro-museo que está aberto acotío e que alberga unha increíble colección de insectos de todo o mundo, dende caballiños do diaño ata o enorme escaravello Hércules. Esta colección tamén inclúe espécimes raros e inusuais. Para descubrir como evolucionaron os insectos, a súa abraiante variedade de formas e cores, como colaboran para sobrevivir e o importantes que son para a vida no noso planeta.

En préstamo en




Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Pobra do Caramiñal, Pontedeume](#)

### AS CANDORCAS. Bolanda, 2023.

Unha nova guía que ten como protagonistas a Os Bolechas e nos dan información e consellos para saber máis sobre estes cetáceos. Este material foi deseñado especialmente para chegar ao público máis cativo, facilitando a información das especies mariñas ameazadas e a súa conservación. Dous conceptos de difícil comprensión perfectamente expostos na obra gráfica de Pepe Carreiro, asesorado no guión polo coñecemento e experiencia de CEMMA (Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños) e GTOA (Grupo de Trabajo Orca Atlántica).



Pepe  
Carreiro

Descárgao en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [A Coruña](#)

Germán  
Machado



**VA A LLOVER.** Savanna Books, 2024.

Facía tempo que non chovía; e a granxa, o campo e os bosques tiñan sede. Aquel día, a formiga conta ás súas compañeiras que vai chover, para que estean alerta ante a inundación. A ra empeza a croar, alegre; as vacas, a muxir forte; o abelleiro, a piar tamén con moita enerxía. Os animais desta historia pásanse a voz uns a outros de que vai chover ata que finalmente sucede...e esa é a pregunta que lle fai un neno ao seu pai, como o poden saber?... para descubrir o lado asombroso da natureza.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)  
Bibliotecas Públicas: [Vigo](#)

**FORESTA.**Batiscafo, 2023.

FORESTA é o primeiro xogo de mesa publicado pola revista Pantera e Savanna books. O seu obxectivo é conseguir un bosque máis diverso, máis maduro. Para iso, contamos cun set de cartas que conteñen elementos de como funciona o ecosistema do bosque, con outro set coa fauna e a flora máis característica. Permite achegarnos á ecoloxía dun bosque mediterráneo e os perigos que o cambio climático supón. Xogando poderedes enfocar estes temas na escola ou na casa desde un novo punto de vista.



Álex  
Nogués,  
Ángel  
Svoboda(il.)

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

# BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS  
PARA TODA A  
CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS  
DIRIXIDOS A  
CENTROS  
EDUCATIVOS

+INFO

<https://bit.ly/2mPg90v>